

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FELICIANO BARRERA

CURSO: 1º EP

MATERIA: Inglés

DOCENTE: Cristina Blanco Vázquez

DATA: 16 /05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.
B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).
B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos.	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)
B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a

	concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p style="text-align: center;">Procedementos:</p> <p>Neste terceiro trimestre para levar a cabo a avaliación empregarase a revisión e análise das distintas producións do alumnado, por medio de fotos, documentos e vídeos que envíen.</p> <p>Para comprobar a adecuación da metodoloxía e actividades e o grao de aprendizaxe do alumnado elaboraranse probos específicos, que se presentarán como actividades, para evitar que supoñan unha presión engadida para o alumnado. Estas probas terán un carácter diagnóstico.</p> <p>Ademais realizarase observación do alumnado durante as videochamadas nas que participa ou chamadas telefónicas que se leven a cabo, no caso de non dispoñer de acceso a Internet.</p> <p style="text-align: center;">Instrumentos:</p> <p>Para o rexistro das observacións empregaremos listas de control, rexistros anecdóticos, portafolio de tarefas e cuestionarios ou probas.</p> <p>Teremos en conta que a avaliación é mais subxectiva nestas circunstancias polo que a súa principal función será diagnóstica.</p>
Cualificación final	<p>Para a avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso valorarase especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles anteriormente definidas neste documento. Neste curso centrarase a atención na mellora das capacidades de comprensión e expresión oral en lingua inglesa.</p> <p>Farase media entre as cualificacións do primeiro e segundo trimestre do curso e engadirase a avaliación das actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terán en conta na cualificación final.</p>
Alumnado de materia suspensas no 1º e 2º trimestre	<p>No caso de que algún alumno ou alumna teña a materia de inglés suspensa nalgún dos dous trimestres anteriores, propoñeráselle material de reforzo e ampliación. Dado que a aprendizaxe dun idioma é un proceso continuo, ao longo do terceiro trimestre propoñeranse actividades de repaso e reforzo do temario previo para todo o alumnado para manter a capacidade comunicativa.</p> <p>Cos alumnos e alumnas que non poidan seguir o ritmo habitual das actividades propostas realizarase unha adaptación personalizada que se comunicará ás familias.</p> <p>A avaliación será continua, polo que se o alumnado demostra ter adquiridas as competencias mínimas da materia, poderá aprobar na avaliación final</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Mediante as actividades propostas perséguese traballar as 4 habilidades básicas da lingua, incidindo na expresión e comprensión oral, dada a curta idade do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral: vídeos e audios que empregan para seguir instrucións, contos tradicionais en inglés con preguntas... • Comprensión escrita: entender frases tipo e saber completar con vocabulario do tema... • Expresión oral: filmación de pequenos vídeos ou notas de voz dos nenos e nenas falando en inglés usando vocabulario do temario • Expresión escrita: contestar preguntas, expresar opinións, escribir frases de distinto tipo... <p>Na medida do posible deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Neste momento, todo o alumnado ten conexión a internet. Prestarase atención aos posibles cambios que se poidan producir neste aspecto. Co alumnado que ten acceso a Internet empregarase a web do colexio e as aplicacións con mensaxería (como Abalar móbil ou Class Dojo) para que poidan consultar as actividades a facer e enviar fotos ou vídeos do seu traballo. O acceso á web permite o uso de aplicacións con autocorrección, acceso a vídeos aloxados na rede e posterior traballo de comprensión sobre os mesmos...</p> <p>A metodoloxía empregada consiste en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º Explicar tarefa: con apoio de vídeos e imaxes. • 2º Realización de tarefas: neste curso son principalmente por medio do libro de texto, caderno ou actividades autocorrectivas • 3º Envío da tarefa: por foto para actividades escritas, vídeo para actividades que requiren expresión oral ou por correo electrónico para actividades aloxadas en distintas web. • 4º Corrección: mediante ClassDojo ou correo electrónico con comentarios sobre os aspectos máis destacables a traballar. <p>Valorarase a conexión por medio de webex para a realización segura de videoconferencias, que se levarán a cabo coa finalidade de resolver dúbidas, principalmente.</p>
Materiais e recursos	<p>O profesorado está a empregar os recursos dos que dispón no seu propio domicilio (conexión de internet, teléfono, ordenador...).</p> <p>O alumnado ten na casa os libros de texto e todo o material escolar necesario. Ademais empregan distintos dispositivos multimedia (ordenador, tableta e/ou teléfono móbil).</p> <p>O centro educativo fixo préstamo de varias tabletas para o alumnado que unicamente dispuña dun móbil.</p> <p>A Cruz Vermella fixo préstamo de tarxeta SIM con datos para o alumnado que non dispuña de ningún tipo de conexión a internet</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información a comunicar aos diferentes grupos publícase na web do colexio e na aplicación Class Dojo.</p> <p>A información individual transmítese ao alumnado e ás familias a través do teléfono, correo electrónico, Abalar Móbil, Class Dojo e Whatsapp; dependendo das súas posibilidades, preferencias e do tipo de información a transmitir.</p>
Publicidade	<p>As modificacións realizadas na programación do terceiro trimestre reflexadas neste documento serán publicadas na web do centro. Para que a información chegue ao maior número posible de familias, enviaremos o enlace correspondente por todos os medios de comunicación que está a empregar o centro durante este proceso de ensino a distancia: teléfono, correo electrónico, Abalar Móbil, Class Dojo e Whatsapp</p>